

**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 05/02/2020**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

PAOLA MARIA MOCHALES

**VOGAIS**

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ANA GRANJA GUILLÁN

DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

**TÉCNICO**

XOAN XOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA

EMILIO PUMAR DURÁN

**SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:10 do día 05/02/2020 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesiósns, de data 18/12/2019 e 08/01/2020, que se aprobaron por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNES PREVIAS OBRAS MENORES**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Carlos Rodríguez Pesado, para obras varias (picado e llaneado de paredes, renovación de carpintería exterior, así como reforma de instalacións eléctrica e de fontanería) en piso sito no Grupo San Roque nº 9-3º Dta. (Ref. Cat. 9960402NH1196S0008ZQ).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituir ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000515)

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por D. Carlos Rodríguez Espiñeira para colocación de casetas de obra e pluciais en cuberta no Camiño das Laxes s/n . Sobrán (Ref. Cat. 7731529NH1173S0001TR),, xa que oa tratarse dun aumento de volume edificatorio deberá tramitarse mediante licenza de obra, presentando formulario regulamentario de solicitude de licenza, acompañando memoria urbanística, xustificación do uso, así como de toda a normativa de aplicación. (Expte. URB/2019/000786)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Joaquin Ferro Diz en representación de D. Alberto del Cristo de la Victoria Avendaño Prieto, para obras varias (renovación parcial de carpintería exterior, reparación de balcón, renovación pavimentos e alicatados, renovación de sanitarios e mobiliario de cociña, e pintura paramentos

horizontais e verticais) en piso sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 28-4º Dta. (Ref. Cat. 9463035NH1196S0008MQ).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituir ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranxe no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/0000019)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Bastos García en representación de COMERCIAL BASTOS SL, para obras interiores en local sito na Rúa Pablo Picasso nº 21 (Ref. Cat. 8756222NH1185N0001GA)

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, presentaras comunicación previa de inicio de actividade, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, debendo adxuntar a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Informe acústico dacordo o decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranxe no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2010/000023)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mª Dolores Soto Fontán, para cambio parcial de carpintería exterior na Rúa Fontecarmoa nº 108 (Ref. Cat. 8748949NH1184N0001MJ).

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranxe no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000024)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jesús Manuel Diéguez Méndez, para obras varias (cambio de tella, revestimento de fachadas, cambio de carpintería interior e exterior, renovación de cociña, baños, instalacións solados, teitos e pintura interior) en vivenda unifamiliar sita na Rúa do Cristo do Vento nº 25 - Cea. (Ref. Cat. 1659602NH2115N0001ZK)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D.

1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumplirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móviles cumplirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móviles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000027)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> Trinidad García Rodríguez, para obras interiores (remodelación interior sen cambio de uso) en local na Rúa Castelao nº 7 Bx. 11 (Ref. Cat. 9360001NH1196S0061PD).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000028)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Sonia Fuentes Pereiras, para cambio parcial de carpintería exterior na Rúa San Roque nº 30-2º A (Ref. Cat 9760010NH1196S0005JZ)

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000033)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis González Pérez en representación de D. Manuel Rodríguez Doval, para cerre frontal de parcela na Rúa pontella nº 46, Cea (Ref. Cat. 2065310NH2126N0001GH), respectando a tipoloxía e aliñacións indicadas no PXOM. Asemade respectaranse as servidumes existentes.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000017)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Iria Quintáns Tourís para apertura de oco hacia galería en fachada posterior en vivenda sita na Avda. Dr. Tourón 46-11º D (Ref. Cat. 9156013NH1195N0047WE).

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalaciós a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000037)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Javier Pereira Ruiz, para cambio parcial de carpintería exterior na Avda. Dr. Tourón nº 34-3º A (Ref. Cat. 9257805NH1195N0026JA).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000038)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Loureiro Rodriguez, para reforma de cociña en vivenda sita na Rúa Arcebispo Lago nº 17 - 7º C (Ref. CAT. 9260001NH1196S0056HA).

As instalacións a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000039)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Miguel Angel Muñoz Rico, para obras varias (renovación de baños e cociña e pintura en paramentos horizontais e verticais) en vivenda sita na Trav. Veiga de Lamas nº 5 Ptal.4 - 3º A Carril (Ref. Cat. 8881683NH1188S0041SY).

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000050)

## LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Lisarde Martinez en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U., para obras de ampliación rede de telecomunicacións na Rúa Murado - A Torre, baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderan derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executaránse cumplindo todalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A colocación dos postes previstos deberán respetar a alineación establecida no PXOM.
5. No caso que por circunstancias especiais houbase que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os postes se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non suporá ningún derecho de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
6. A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000291) (S/Ref 01783513/7931926) .

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fco. Javier Ramos Díaz en representación de U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para reparación da rede eléctrica (MD2019RGPN00646) na Rotonda de Os Martices - As Carolinas, PK. 237 + 200, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

Reposición das calas de apertura coas mesmas características que a existente.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que

se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

7. A fianza de 1.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.
8. Cumprirase estritamente as condicións establecidas nas autorización sectoriais de FOMENTO (L-PO.19.0891) e A XUNTA DE GALICIA (IF205I 2019/00018-4).

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000710 ).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José María González Quintián en representación de TESTIGOS CRISTIANOS DE JEHOVÁ, para obras interiores en local sito na Rúa Pablo Iglesias nº 13 Bx.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, presentará comunicación previa de inicio de actividade, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, debendo adxuntar a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Informe acústico dacordo o decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ao estar encadrado no (Grupo 2)

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000875).

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Guillermo Buceta Bouzas para legalización dos rótulos instalados en inmoble situado na Avda. Juan Carlos I nº 2 Bx., en base ao informe negativo dos Servizos Técnicos Municipais e da Resolución de Patrimonio Cultural de data 25/09/2019 (adxúntase copia da mesma), non autorizando a legalización dos rótulos. (Expte. URB/2019/000301)

Informar desfavorablemente a solicitude de Dna. Cristina Otero Gómez, para legalización das obras de construcción de galpón agrícola na Rúa Veiga de cea, Pol. 23, parcelas 99,100 e 101, xa que segundo o informe técnico non consta acreditado o acceso rodado público, o que incumpe as condicións do Art. 39 da LSG e o Art. 61 do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia. (Expte. URB/2019/000391)

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por Dna. Mar Márquez Puerto para legalización das obras de reparación de terraza e substitución de varanda en inmoble situado na

Rúa Castelao nº 21 - 6º A., en base ao informe negativo dos Servizos Técnicos Municipais e da Resolución de Patrimonio Cultural de data 16/01/2020 (adxúntase copia da mesma), non autorizando a legalización das obras (Expte. URB/2019/000627)

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente o proxecto de execución presentado por Dna. Yara María Cristobal Uriarte, para cambio de uso de garaxe a vivenda na Rúa San Martín de Sobrán nº 8 - Vilaxoán (Ref. Cat. 7745201NH1174N0001AD), redactado pola Arquitecta Técnica Dna. María Anido Herranz, visado coa data de 03/01/2020, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 27/08/2019. (Expte. URB/2018/000516)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Regueiro Martínez en representación de MEJILLONES RIA DE AROUSA SL, para obras de instalación de planta de gas natural licuado de 20 m<sup>3</sup> na Rúa Preguntoiro nº 47, de conformidade co proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Luis Montenegro Pérez, visado en data 01/03/2019 e anexo á Memoria visado coa data 13/06/2019.

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/97, o promotor deberá nomear coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Unha vez finalizadas as obras, de acordo co previsto no artigo 24 da Lei 9/2013, deberá aportar a preceptiva comunicación previa acompañada da seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. URB/2019/000202)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rosa Santorum Parada, para cambio de uso de oficina a vivenda no inmoble sito na Rúa Padre Feijoo nº 7-3º-2, de conformidade co proxecto asinado pola arquitecta Dna. Ana Isabel Castaño Comparada.

Consta Resolución da Consellería de Cultura de dta 15/01/2020 autorizando o cambio de uso.

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/97, o promotor deberá nomear coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Rematadas as obras deberá solicitarse licenza de primeira ocupación da vivenda.

Dése conta ó Departamento de Rendas, ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. URB/2019/000636)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Lina M<sup>a</sup> Correa Benitez, para acondicionamento de local para bar-cafetería na Rúa Alexandre Bóveda nº 18 Bx. (Ref. Cat. 9160915NH1196S0001RJ), de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas, visado en data 30/10/2019, así como informe de medidas correctoras asinado por Carma Ingeniería Acústica SLP no que se avalía o illamento acústico respecto de rencintos colindantes.

Unha vez rematadas as obras deberá achegar comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de

decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Xunto coa comunicación previa de inicio de actividade, deberá achegar:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director de obra.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Informe acústico de acordo o Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia ao estar encadrado no Grupo 1.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. URB/2019/000890)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Lydia Fernández Do Campo, para obras de restauración de edificación anexa á vivenda na Rúa campanario nº 57 - Bamio, de conformidade co proxecto refundido de "restauración de edificación actual anexa a vivenda en conjunto catalogado (casa rectoral - PHA77)", redactado pola arquitecta María Lydia Fernández Do Campo, visado en data 05/07/2019.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Dése conta ó Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Deberáse cumplir estritamente as condicións indicadas nos informes sectoriais, concretamente da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, de ADIF e de Costas. (adxúntase copia das mesmas)

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/97. o promotor deberá nomear coordinadro de seguridade e saúde en fase de execución. (Expte. URB/2019/000577)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Lydia Fernández Do Campo, para obras de acondicionamiento de edificación actual anexa á vivenda en conxunto catalogado (casa rectoral - PHA77)" para galería de arte na Rúa Campanario nº 57 - Bamio, redactado pola arquitecta María Lydia Fernández Do Campo, visado en data 26/06/2019.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Dése conta ó Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Deberáse cumplir estritamente as condicións indicadas nos informes sectoriais, concretamente da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, de ADIF e de Costas. (adxúntase copia das mesmas).

Rematadas as obras de acondicionamiento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (Expte. URB/2019/000578)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Cristina Piñeiro Vidal e D. Jorge Abal Aído, vistos os

informes técnico e xurídico, para reforma e ampliación de vivenda, no lugar de Rúa Lago nº 5 - Rubiáns, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Xosé X. Martínez Costa (visado coa data 26/05/2019), documentación complementaria achegada e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de núcleo rural, núcleo periférico (NP2)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m., 40%
4. Orzamento de execución material: 41.434,24 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1734902NH2113S0001XG
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Xosé Xoán Martínez Costa

Arquitecto Técnico D. Pablo Castro Feijoo

Director das obras D. Xosé Xoán Martínez Costa

Coordinador de Seguridade e Saúde D. Pablo Castro Feijoo

7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. URB/2016/000363)

E sen más asuntos que tratar, ás 10,30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.